

DENDE 1495 MARCANDO O CAMIÑO A SEGUIR

MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL 2016
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(USC)



A presente memoria da USC recolle o compromiso coa Responsabilidade Social da Universidade de Santiago de Compostela, materia na que leva reportando dende o ano 2003.

Nesta décima edición da memoria, quedan reflectidos o enfoque e a xestión relativos ao ano 2016, curso 2015-2016 en temas de desempeño económico, ambiental e social.

Para poder consultar as versións dixitais desta memoria e das edicións anteriores, así como para acceder a máis información, datos, e indicadores, a USC conta cun espazo web dedicado a reportar nesta materia.

Pode consultarse a través da ligazón:
www.usc.es/gli/info_xerall/responsable

>> Información xeral

Entidade:	Universidade de Santiago de Compostela (USC)
CIF:	0158001A
Dirección:	Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n. 15782 Santiago de Compostela, A Coruña
Responsable de RSE:	Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social
Período comprendido:	Ano 2016
Difusión:	www.usc.es e www.usc.es/gl/info_xeral/responsable
Comunicación con Grupos de Interese (GI):	A estratexia de comunicación da USC queda reflectida ao longo dos apartados deste informe en relación aos GI identificados.
Edita:	Universidade de Santiago de Compostela
Reitor:	D. Juan M. Viaño Rey
Depósito dixital:	www.usc.es/es/info_xeral/responsable/memoriars/

>>Índice


0. INICIO	6	<ul style="list-style-type: none">* PRESENZA* O REITOR* O PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL* A MEMORIA
1. A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	13	<ul style="list-style-type: none">* QUE É A USC* ENFOQUE DA XESTIÓN* ESTRUCTURA ORGANIZATIVA* ESTRUCTURA DE GOBERNO* CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN* AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS* FITOS DA USC 2015-16
2. CONTEXTO DA USC RESPONSABLE	35	<ul style="list-style-type: none">* A USC RESPONSABLE* ASPECTOS MATERIAIS DA COBERTURA* DIMENSIÓNS DA RESPONSABILIDADE SOCIAL DA USC* OS GRUPOS DE INTERESE* PREMIOS, PACTOS, INICIATIVAS E REDES
3. XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO	51	<ul style="list-style-type: none">* PERFIL DO PERSOAL* REPRESENTACIÓN DO PERSOAL* FORMACIÓN* IGUALDADE E CONCILIACIÓN* PROMOCIÓN, COMPENSACIÓN E BENEFICIOS SOCIAIS* SEGURIDADE E SAUDE
4. XESTIÓN DO COÑECEMENTO	67	<ul style="list-style-type: none">* 4.1 XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO A TRAVÉS DA DOCENCIA* 4.2 XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO A TRAVÉS DA INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA* 4.3 OUTROS SERVIZOS
5. EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO	108	<ul style="list-style-type: none">* FORMACIÓN EN VALORES* VOLUNTARIADO* CULTURA* ACTIVIDADE FÍSICO DEPORTIVA
6. RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS	128	<ul style="list-style-type: none">* A ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN* RELACIÓNS CON ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS* RELACIÓNS CON PROVEDORES* PROGRAMA "A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC"* RELACIÓNS CON EMPRESAS E OUTRAS INSTITUCIÓNS
7. ECOLOXÍA INTERNA	139	<ul style="list-style-type: none">* ECOLOXÍA INTERNA* XESTIÓN ENERXÉTICA* XESTIÓN DA AUGA* XESTIÓN DOS RESIDUOS* MOBILIDADE SOSTIBLE* XESTIÓN E AVALIACIÓN AMBIENTAL* CERTIFICACIÓNS E ACREDITACIÓNS
8. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	157	<ul style="list-style-type: none">* XERACIÓN DE COÑECEMENTO, EDUCACIÓN AMBIENTAL E DIVULGACIÓNS* PARTICIPACIÓN E SENSIBILIZACIÓN* COOPERACIÓNS AO DESENVOLVEMENTO
9. ECONOMÍA	165	<ul style="list-style-type: none">* XESTIÓN ECONÓMICA
ANEXOS	174	<ul style="list-style-type: none">* ANEXO I* ANEXO II

INICIO

- * PRESENZA
- * O REITOR
- * O PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL
- * A MEMORIA



>> Presenza



*Centros: facultades, escolas universitarias adscritas, escolas técnicas superiores, centros vinculados, escolas de especialización profesional, outros centros docentes, centros propios de investigación e centros singulares de investigación. Actualización Datos: Decembro de 2016

>>O Reitor da USC Juan M. Viaño Rey



>> 8

>> A Misión, Visión e Valores da Universidade de Santiago de Compostela quedan reflectidos na Memoria de Responsabilidade Social Corporativa que aquí encetamos e que veñen representar o múltiple compromiso que temos coa sociedade.

A nosa misión é clara e estimulante. A formación coloca aos alumnos no epicentro da vida universitaria. Son eles os que moven a Universidade de Santiago para

que sexa un lugar único no mundo para vir a estudar. A investigación e a transferencia de coñecemento son os outros desafíos prioritarios. O noso persoal docente e investigador está na vangarda mundial, comprometido cos seus proxectos, pero sobre todo co proxecto conxunto da Universidade, nunha cultura de liberdade e bo facer.

Cunha visión proactiva, a USC ten un claro compromiso coa sociedade que a sustenta e trata de facer partícipe a tódolos grupos de interese do proxecto común. Só deste xeito pode avanzar coa solidez que a caracteriza, cun prestixio recoñecido e en aumento, exemplar na xestión dos seus recursos e sempre disposta a mellorar e adaptarse aos novos desafíos futuros.

Tódolos fitos, por ambiciosos que sexan, teñen sempre por riba os nosos valores: a seriedade, o rigor, o respecto, o compromiso, a transparencia, a confianza, o desenvolvemento sostible, o mantemento dos signos identitarios propios, a igualdade entre homes e mulleres, que fan de cada unha das partes deste saber universal, un todo ho-

moxéneo que da como resultado avances importantes en diversos eidos e representan un paso adiante para o conxunto, tal e como mostran os indicadores que se recollen nesta memoria.

Malia isto, hai momentos do ciclo nos que unha universidade e os seus dirixentes han de facer unha parada e reflexionar sobre o seu futuro. Adoitan coincidir con períodos de crise e recuperación, nos que se pon a proba a capacidade da institución para dar resposta aos retos inmediatos e sentar as bases necesarias para coller o impulso necesario e tirar cara adiante, mellorando sempre en tódolos aspectos nos que é competente. Dise así que as crises son oportunidades. E así foi como este equipo de goberno encarou a recente etapa. No ano 2016 a USC fixo fronte á realidade xirando sobre os eixos estratéxicos principais do noso compromiso cos distintos grupos de interese e a sociedade no seu conxunto, a quen se debe. O plan Estratéxico no que se enmarca a acción de goberno, foi guiando os pasos da histórica universidade á vez que moderna, clásica á vez que competitiva, que a sitúan á cabeza da

investigación, da docencia e do desenvolvemento sostible. Podemos dicir, pois, que o conseguimos, collemos o impulso preciso para encarar o futuro con optimismo.

Non só xestionamos de maneira eficaz senón, sobre todo, eficiente. A organización dos recursos, a busca de colaboracións, a consecución de financiamento externo e competitivo e as accións coordinadas na procura de sinerxias fixeron posible que, un ano máis, a USC encabece os rankings mundiais de calidade, á vangarda da investigación nacional e internacional, cun corpo institucional que actúa con autonomía e responsabilidade. Esta responsabilidade plásmase na rendición das contas, non só económicas, senón sobre todo sociais.

A USC foi a primeira das universidades españolas en render contas á sociedade da súa aportación nos eidos económicos, social, ambiental e relacional, que agora complementamos poñéndoas en relación coas liñas estratéxicas do seu plan. Os recursos son cada vez máis escasos e as necesidades máis esixentes. Un dos signos máis destacables da recente crise economi-

ca e financeira é a desigualdade. Pero a USC non pode permitir nin permite que o quebranto que se produciu no contrato social existente se traslade a ela, por iso se ten afeito en minimizalo. O noso capital humano -activo máis importante da institución- tense ocupado de tecer o nexo entre esta realidade e o progreso de tódalas capas da poboación. Temos camiñado cara adiante conscientes disto e por iso nos temos convertido nunha universidade inclusiva, que outorga oportunidades a aqueles que o resto lle negou. Atendemos de xeito específico aos alumnos con máis dificultades, facilitamos a conciliación da vida estudantil, familiar e laboral, levantamos barreiras a tódolos membros que teñen dificultades físicas ou psíquicas, proporcionamos case un milleiro de prazas de residencia subvencionadas, sen parangón no resto do Sistema Universitario de Galicia, para que ninguén quede fóra deste proxecto amplo e común.

Pechamos así o noso círculo. A sociedade, cada vez máis esixente coas súas institucións, ten dereito a coñecer cal é o destino dos recursos que achega á Uni-

versidade. A Universidade ten a obriga de renderlle contas. Sirva esta memoria como mostra do desempeño da xestión, do rendemento académico, do avance na investigación, na ciencia, na distribución e na inclusión de tódolos grupos de interese dentro da USC. O noso compromiso é claro, non ten ambaxes e velaquí os resultados do mesmo.

Quero, para rematar, agradecer a implicación de tódolos membros da USC, PDI, PAS, estudantes e, como non, aos representantes da sociedade civil e outras institucións polo seu traballo e implicación. Vosos son tódolos éxitos e avances que aquí se recollen.

Sr. Juan M. Viaño Rey
Reitor USC

»» O Presidente do Consello Social José María Arias Mosquera



» 10

»» Para o Consello Social a publicación da Memoria de Responsabilidade Social Corporativa da nosa Universidade, é un dos grandes acontecementos do ano, xa que supón un importante exercicio de transparencia e compromiso que fai que a sociedade teña un coñecemento máis intenso do acontecer da Universidade.

As institucións públicas, como calquera empresa, deben ser xestionadas tendo en conta a súa misión, valores e estratexias, con prácticas demostrables de bo goberno,

xestionadas con criterios éticos, e rendendo contas en todo momento á sociedade.

Que a nosa Universidade faga este tipo de memorias supón un interese en demostrar a súa responsabilidade e facilitar o rendemento de contas ante a comunidade universitaria, as administracións e a sociedade en xeral, de maneira que presente unha información clara, comprensible e transparente para que se poida avaliar o seu funcionamento.

Nesta memoria non soamente se reflicten datos económicos, senón tamén datos referidos a docentes, estudantes, investigación e necesidades sociais. Convén recordar que a Universidade, como ente público, está suxeita a un sistema de rendemento de contas, baseado nun estrito regulamento normativo, sobre o que se aplica un sistema de auditorías externas que garanten o correcto funcionamento da xestión económica-financeira. Isto tradúcese na realización dunha memoria económica anual, que é un complemento idóneo desta Memoria de Responsabilidade Social Corporativa.

Pero hai outros capítulos que merecen a nosa atención tanto ou máis que os referidos ás cuestións económicas, como poden ser a xestión do capital humano, a xestión social do coñecemento, as relacións con organizacións, o voluntariado, a ecoloxía interna ou o desenvolvemento sostible. Neste senso debemos ter en conta que as universidades son referente para a sociedade, e un dos seus obxectivos é que o estudantado complemente a súa formación co compromiso efectivo coa sostibilidade e poida aplicar nun futuro próximo estas experiencias á súa vida laboral.

Esta Memoria de Responsabilidade Social Corporativa do ano 2016 pon de manifesto o esforzo que a nosa Universidade está a facer para seguir sendo competitiva sen renunciar á calidade, e todo iso pese ás dificultades xurdidas e os ambiciosos retos a afrontar.

Dende o Consello Social animamos á USC a dar continuidade a este exercicio de responsabilidade, de transparencia e de compromiso; así como tamén recoñecemos, e agradecemos, o esforzo e dedicación de todas as persoas que contribuíron á obtención dos resultados que se dan conta nesta memoria.

Sr. José María Arias Mosquera
Presidente do Consello Social da USC

>>A memoria

A Memoria de Responsabilidade Social Corporativa da Universidade de Santiago de Compostela correspondente ao curso 2015-16, presenta un informe anual que se redacta de acordo coa versión G4 da guía para elaboración de memorias de sostibilidade de Global Reporting Initiative (GRI). Esta versión contempla unha serie de novidades que obrigan a realizar unha adaptación dos contidos e indicadores reportados con anterioridade.

Os principios aplicados na determinación do contido da Memoria de Responsabilidade Social do ano 2016, curso académico 2015-2016:

ESPECIFICACIÓNS

PERÍODO: Ano 2016

DATA ANTERIOR MEMORIA: Ano 2014 e Ano 2015 (Curso académico 2013-14 e 2014-15)

CICLO DE PRESENTACIÓN DE MEMORIAS: Anual

VERIFICACIÓN EXTERNA: Non se realiza proceso de verificación externa

- » **Participación dos nosos Grupos de Interese (GI):** Dende a USC considérase que todos os mecanismos de reporte en materia responsabilidade social (RS) afianzan o compromiso cos grupos de interese ou stakeholders, e polo tanto coa sociedade. Na elaboración desta memoria RS ínstase á colaboración de todas as partes e facilítase a súa participación no proceso de mellora da eficiencia e efectividade da rendición de contas.
- » **Contexto da sostibilidade:** Ao longo do documento faise referencia ao impacto da USC na súa contorna, tendo en conta a dimensión interna e externa e dende un enfoque económico, social e medioambiental.
- » **Materialidade:** O interese de cada aspecto material foi establecido con base no descriptor recollido nos principios e contidos de elaboración das memorias GRI4 de cada aspecto, así como nos indicadores asociados a cada un deles. A elaboración da matriz baseouse na experiencia das informacións das memorias anteriores e na selección de aspectos materiais realizada no modelo GRI3. No caso dos efectos económicos, sociais e ambientais realizouse unha aproximación o máis simplificada posible cara á posterior presentación da información dos indicadores dentro do informe de xestión.
- » **Exhaustividade:** Este documento dá cumprimento ao obxectivo de xerar un informe integrado que ofrezca unha visión completa da actividade baixo o marco da responsabilidade social, tomando como referencia as políticas e liñas de actuación establecidas no Plan Estratéxico 2011-2020. Esta memoria constitúe unha referencia para a institución no seu compromiso coa rendición de contas e a transparencia en materia de RS, propoñendo un estilo de reporte simplificado, práctico e visual no que se destacan os principais datos e accións do período. A web USC potencia e completa o valor comunicativo da memoria con información detallada e contidos explicativos, datos e indicadores sobre a actividade da mesma.



A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- * QUE É A USC
- * ENFOQUE DA XESTIÓN
- * ESTRUTURA ORGANIZATIVA
- * ESTRUTURA DE GOBERNO
- * CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN
- * AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS
- * FITOS DA USC 2015-16

G4-LA

»14 »12 »1

G4-PR

»7 »5 »4 »3

G4-SO

»11 »8 »5 »4 »3

G4-HR

»4

G4-EC

»7 »4 »1

G4

»56 »34 »27 »17 »13 »10
»9 »8 »7 »6 »5 »4 »2



PERFIL

A Universidade de Santiago de Compostela, tal e como se recolle no Artigo I dos estatutos, é unha institución pública, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo. A USC desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante actividades como o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento para as que goza de autonomía no marco da lexislación vixente.

Nos termos legalmente establecidos, e como Administración Pública vinculada á Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela a potestade regulamentaria, de autoorganización e sancionadora; a executividade, execución e potestade de revisión de oficio dos

actos e resolucións producidos polos seus órganos de goberno; a equiparación coas prerrogativas procesuais da Administración do Estado e das comunidades autónomas nos procesos xudiciais nos que sexa parte; a facultade de instar conflitos de competencias; a inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade dos seus bens de dominio público, así como as potestades de deslinde e recuperación de oficio de todos os seus bens; a exención tributaria, nos termos previstos na normativa vixente, incluídos impostos, taxas, prezos públicos e demais depósitos establecidos polo Estado, comunidades autónomas ou administracións locais; a exención de todo tipo de consignacións e depósitos; e, por último, a improcedencia de interditos, sempre que a súa actuación se axuste ao procedemento establecido.



QUE É A USC?



A USC é unha institución pública dotada de personalidade xurídica plena e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo.

A Universidade de Santiago de Compostela ten as seguintes funcións básicas:

- Potenciar unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos a través da creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico.
- Fomentar a preparación do exercicio de actividades profesionais.
- Valorar, difundir e transferir o coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social.
- Empregar a extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida para a difusión do coñecemento e da cultura.
- O apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta.



A USC desenvolve outras actividades de extensión universitaria, sempre baixo os principios de legalidade, eficacia, eficiencia, transparencia e calidade que rixen todas as súas actuacións.

A relación con outras universidades, organizacións e institucións é moi positiva para a USC. Ésta presta especial interese ao seu compromiso permanente coa protección da saúde da comunidade universitaria, a integración das persoas con discapacidade, a aplicación do principio de igualdade de xénero e dun modelo de desenvolvemento baseado no respecto, na preocupación e na conservación do medio ambiente.

O logro dun desenvolvemento sostible e a asunción e formación da súa responsabilidade social son obxectivos inherentes á misión da USC na súa relación cos seus grupos de interese, polo tanto coa sociedade, o que ven a complementar o tradicional compromiso coa calidade e a eficacia na docencia, a investigación e a transferencia.

Os obxectivos estratéxicos, segundo os distintos ámbitos específicos que guiarán a xestión da institución, quedan recollidos no “Plan Estratéxico da USC para o período 2011-2020” onde se formula a misión, visión e valores da universidade e marca o “compromiso e a implicación coa sociedade”, no que se inclúe o obxectivo de “reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social”.



» MISIÓN QUE SOMOS?

A USC é unha universidade dedicada principalmente á preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable. A universidade conta cunha ampla oferta académica e unha importante actividade investigadora caracterizadas pola excelencia, valorada como unha das mellores universidades españolas. A USC é pioneira en políticas de emprendemento, de transferencia e valorización dos resultados da investigación, estando permanentemente ao servizo da sociedade galega.



» VISIÓN QUE QUEREMOS SER?

- Unha universidade de recoñecido prestixio, que continúe destacando a todos os niveis pola súa solvencia académica e por unha oferta atractiva capaz de captar o mellor estudiantado, así como por unha actividade investigadora recoñecida que responda ás demandas da contorna e aos criterios de excelencia científica que afiancen a súa proxección internacional.
- Unha universidade firmemente comprometida coa sociedade, que actúe como motor do desenvolvemento socioeconómico da contorna e que sexa un referente na cooperación social, no desenvolvemento sostible, no respecto ao medio ambiente e na creación e difusión da cultura.
- Unha universidade exemplar na xestión dos recursos, cun modelo de xestión áxil e transparente, cunha economía saneada e que saiba vincular o funcionamento das diferentes unidades estruturais coa estratexia institucional.
- Unha universidade participativa en torno a un proxecto común, na que todas as estratexias estean centradas nas persoas e nas súas competencias e condicións de traballo para conseguir que todo o seu persoal estea altamente cualificado e motivado.

- » UNIVERSIDADE DE RECOÑECIDO PRESTIXIO
- » FIRMEMENTE COMPROMETIDA COA SOCIEDADE
- » EXEMPLAR NA XESTIÓN DOS RECURSOS
- » PARTICIPATIVA EN TORNO A UN PROXECTO COMÚN



» VALORES COMO SOMOS?

- » SINAIS DE IDENTIDADE PROPIOS
- » RESPECTO
- » TRANSPARENCIA
- » CONFIANZA
- » DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
- » TRANSFERENCIA DE COÑECIMENTO
- » SERVIZO Á SOCIEDADE

A QUEN NOS DIRIXIMOS?



A sociedade galega é o público principal do Sistema Público Universitario Galego (SUG), formado pola Universidade de Santiago de Compostela xunto coa Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo. A Universidade Pública de Santiago de Compostela pon a disposición do seu estudiantado unha oferta académica variada e de calidade que garante a accesibilidade igualitaria a todas as persoas establecendo un compromiso coa promoción da I+D e o apoio á transferencia do coñecemento, marcando así o seu principal compromiso coa sociedade.



A responsabilidade social da USC está condicionada á relación cos seus grupos de interese. O compromiso cos axentes fundamentais e grupos de interese afiánzase a través da representación e a presenza directa nos órganos de goberno da Universidade permitindo a defensa dos seus intereses e a consecución das súas expectativas. Nas seguintes páxinas pódense consultar as cifras relacionadas coa representación dos grupos de interese nos distintos órganos de goberno da USC, cifras que se poden ampliar na web www.usc.es

Liñas e obxectivos estratéxicos da USC para o período 2011-2020

Para acadar os retos que se lle presentan nos próximos anos a USC conta cun Plan Estratéxico. Para a súa elaboración foron consideradas as ideas e directrices da Estratexia Europea 2020, que marca a senda de crecemento da Unión para esta década, establecendo cinco grandes obxectivos no ámbito do emprego, a innovación, a educación, a integración social, o clima e a enerxía.

Sobre estes documentos foron seleccionados os ámbitos de actuación do Plan da USC e definíronse as liñas estratéxicas e os obxectivos específicos que asentán as políticas de xestión e as accións que desenvolve a universidade en materia de responsabilidade social.

Plan Estratéxico 2011-2020

4
ÁMBITOS DE
ACTUACIÓN

10
LIÑAS
ESTRATÉXICAS

40
OBXECTIVOS
ESPECÍFICOS

Ámbitos de actuación e liñas estratéxicas recollidas no plan:

ÁMBITO: PERSOAS



- Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
- Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
- O estudantado: valor presente e futuro

ÁMBITO: ACTIVIDADE UNIVERSITARIA



- Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
- Procura de excelencia na docencia
- Cara á excelencia investigadora

ÁMBITO: XESTIÓN INSTITUCIONAL



- Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
- Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos

ÁMBITO: RELACIÓN COA CONTORNA



- Transferencia efectiva de coñecemento
- O compromiso e a implicación coa sociedade

A USC define especificamente os obxectivos para cada ámbito e liña incluída no Plan. Na web da USC pode consultarse a información detallada sobre este documento, ademais, no Anexo I desta memoria recóllese a correlación entre os ámbitos do Plan e o reporte en materia de sostibilidade.

ENFOQUE DA XESTIÓN




O Código Ético da USC reúne os principios, valores e normas que guían a actividade interna e a acción social da universidade.

ÉTICA E INTEGRIDADE

Os fundamentos para a actuación dos membros da comunidade universitaria, que contribúen a previr accións e condutas que se poidan considerar reprobables veñen establecidos nesta norma da USC. O Observatorio do Código Ético está coordinado polo valedor da comunidade universitaria. A través deste servizo a universidade realiza un seguimento do cumprimento do Código Ético, canalizando as suxestións e as queixas da comunidade universitaria. Este servizo conta cun espazo web propio no que pode consultarse toda a información relacionada co seu funcionamento.

CÓDIGO ÉTICO DA USC



TRANSPARENCIA

A transparencia é un dos piares fundamentais na xestión da USC, así como na súa relación cos principais grupos de interese. Este principio non só se reflicte no compromiso de rendición de contas sobre o conxunto da actividade da universidade, senón que tamén na mellora da accesibilidade á información a través dos distintos espazos web da institución.

Froito deste compromiso coa transparencia fanse públicos os informes de investigación, económicos, de servizos e centros. A USC é a universidade española que máis tem-

po leva reportando en materia de responsabilidade social. O primeiro informe “Memoria de Responsabilidade Social 2003” foi presentado no ano 2004.



A USC é a universidade española que máis tempo leva reportando en materia de Responsabilidade Social.

A preocupación polos problemas da súa contorna e polo seu impacto económico, social e medioambiental así como os seus principais fitos, recóllense nas publicacións periódicas que realiza a USC.



» MOSTRA DO COMPROMISO COA TRANSPARENCIA

Sometemento das contas económicas a auditoría externa e ao control do Consello Social.



A intranet corporativa, a través da que se informa ao persoal sobre asuntos de especial relevancia.



Publicación da Memoria de Responsabilidade Social.



A páxina web, con información xeral sobre a estrutura, a actividade e os servizos da USC. Este espazo conta con seccións específicas para o PDI e o PAS así como para o estudantado. Cumpre coas especificacións de páxinas web accesibles para persoas con discapacidades ("Test Accesibilidad Web").



Publicación das memorias de diversos servizos, unidades ou programas.



O periódico/diario on-line da institución (Xornal da USC).



Publicación dos plans estratéxicos, normativa, acordos dos órganos de goberno, etc.




Publicación de informes sobre a situación e desempeño económico.

» 20

XESTIÓN DA CALIDADE

Todos os ámbitos da actividade universitaria están marcados polo compromiso coa calidade. Este compromiso require despregar ferramentas e procedementos en diversos frentes de acción. A USC céntrase na calidade da xestión, que abarca tanto a prestación dos servizos, os avances na administración electrónica, a xestión da información e dos recursos económicos e tamén os relacionados coa docencia e a investigación. Esta información queda ampliada ao longo dos apartados desta memoria.

PROCEDEMENTOS DA CALIDADE	Calidade dos servizos	Calidade dos avances na administración electrónica
Aprobación, control e revisión periódica de títulos e programas	Criterios e procedementos públicos de avaliación do estudantado	Publicación da información sobre os programas e títulos
Xestión dos recursos (humanos, económicos, materiais e naturais)	Recollida e análise da información da actividade universitaria	

○ recoñecemento da xestión da calidade na USC vén sendo valorado positivamente polas múltiples certificacións acadadas:



CONTAN COA CERTIFICACIÓN ISO 14001

- Os procesos do Servizo de Prevención de Riscos
- O Sistema de Xestión Medioambiental da Estación de Bioloxía Mariña da Graña



CONTAN COA CERTIFICACIÓN ISO 9001

- O Servizo de Xestión Académica
- O Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica.
- O Sistema de Xestión Medioambiental da Estación de Bioloxía Mariña da Graña
- O Sistema de Xestión de Calidade do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
- O Laboratorio de Análise de Radiacións
- O Laboratorio de Microbioloxía do Instituto de Investigación e Análises Alimentarias



CONTAN COA CERTIFICACIÓN UNE-EN-ISO/IEC 17025

- O Servizo de Xenética Forense do Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro



CONTAN COA CERTIFICACIÓN OHSAS 18001

- O Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo da Escola Infantil Breogán
- O Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde no Traballo da Escola Técnica Superior en Enxeñaría
- O Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo do Servizo Universitario de Residencias
- O Instituto de Cerámica



CONTA CO SELO DE COMPROMISO CARA Á EXCELENCIA EUROPEA 200+

- O Sistema de Xestión da Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con




Por último, os Laboratorios de Enxeñaría Ambiental e Bioprosos e de Tecnoloxía Ambiental do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas xunto co Laboratorio de Química Física do Medio Ambiente da Facultade de Química e o Laboratorio de Química Analítica do Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias cumpren as condicións que permiten á USC obter o título de Idoneidade como Empresa Colaboradora dos Organismos de Cuenca en materia de control de vertidos de augas residuais, concedido pola Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Aguas do Ministerio de Medio Ambiente.




ESTRUTURA ORGANIZATIVA

» 22



	2014	2015	2016
Campus universitarios	2	2	2
Facultades	23	23	23
Escolas universitarias adscritas	3	3	3
Escolas técnicas superiores	2	2	2
Centros vinculados	2	2	2
Escolas de especialización profesional	1	1	1
Outros centros docentes (CeTA, CEP, CIEDUS)	2	2	▲ 3
Hospitais universitarios	3	3	3
Institutos universitarios	17	▼ 16	16
Centros propios de investigación	10	10	▲ 11
Centros singulares de investigación	3	3	3
Departamentos	76	76	▼ 50
Grupos de investigación	▼ 342	▼ 317	▲ 318

☆ ESTRUTURA DE GOBERNO



EQUIPO DE GOBERNO

DENDE O 9 DE XUÑO DE 2014


- Reitor
Sr. Juan M. Víaño Rey
- Vicerreitora de Investigación e Innovación
Sra. Isabel Rodríguez Moldes-Rey
- Vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador
Sr. Luís Lima Rodríguez
- Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa
Sr. Roberto Javier López López
- Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social
Sra. M^a Dolores Álvarez Pérez
- Vicerreitor de Comunicación e Coordinación
Sr. José Pereira Fariña
- Vicerreitora de Internacionalización*
Sra. Almudena Hospido Quintana
- Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo
Sr. Javier Bueno Lema
- Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo
Sr. Andrés Barreiro Lois
- Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo
Sra. M^a do Carme Silva Domínguez
- Secretaria Xeral
Sra. Consuelo Ferreiro Regueiro
- Xerente
Sr. José Manuel Villanueva Prieto

* O Nomeamento da Vicerreitora de Internacionalización tivo lugar o 1 de Setembro de 2015.




MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO SEGUNDO GRUPOS DE INTERESE

%	Nº	
22,2	12	Consello de dirección
14,8	8	Persoal doutor con vinculación permanente
7,4	3	Restantes categorías de PDI
16,7	9	Representantes do estudiantado
7,4	4	Representantes do PAS
16,7	9	Decanatos de facultades e directores/as de escola
9,3	5	Directores/as de departamentos
3,7	2	Directores/as de instituto, escola de doutoramento e doutras estruturas de investigación
1,9	1	Representantes do consello social
100,0	53	Total



MEMBROS DO CONSELLO SOCIAL SEGUNDO GRUPOS DE INTERESE

%	Nº	
3,2	1	Presidente/a
19,4	6	Representantes do consello de goberno da universidade
19,4	6	Representantes dos intereses sociais: designados polo Parlamento de Galicia
19,4	6	Representantes dos intereses sociais: designados pola Xunta
9,7	3	Representantes dos intereses sociais: designados polos sindicatos
12,9	4	Representantes dos intereses sociais: designados polas organizacións empresariais
6,5	2	Representantes dos intereses sociais: designados polas corporacións dos concellos dos campus
3,2	1	Representantes dos intereses sociais: designados polos colexios profesionais
3,2	1	Representantes dos intereses sociais: designados pola asociación de antigos alumnos da usc
3,2	1	Secretario/a
100,0	31	Total



*Datos correspondentes ao 31 de decembro de 2016



MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO POR GRUPOS DE INTERESE

O Claustro universitario estará integrado por 300+3 persoas e desagregado por sectores segundo grupos de interese, como queda recollido no Artigo 75 dos Estatutos da Universidade de Compostela.

%*	Nº	
-	1	Reitor/a
-	1	Secretario/a Xeral
-	1	Xerente
51,0	153	Representante do profesorado doutor con vinculación permanente
11,0	33	Representantes das restantes categorías de persoal docente e investigador
28,0	84	Representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais
10,0	30	Representantes do persoal de administración e servizos

*Distribución porcentual recollida no artigo 75 dos Estatutos da USC.

No espazo web do Claustro pódese ampliar a información.



CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN

No contexto académico europeo impera o discurso sobre a organización e orientación da I+D+i, centrada na promoción de procesos de especialización e organización das capacidades de I+D+i arredor das áreas do coñecemento nas que se posúa unha vantaxe competitiva. Neste eido a USC está a impulsar a especialización dos seus campus:



O **CAMPUS VIDA**: Campus de Excelencia Internacional focalizado no ámbito das ciencias da vida. Integra un dinámico BIOCLUSTER que aglutina aos principais axentes rexionais do ámbito biosanitario e biotecnolóxico e conta co recoñecemento político e científico nas estratexias de especialización do goberno rexional.

Campus de Excelencia Internacional. USC, campus de Santiago de Compostela.



O **CAMPUS DA CIDADANÍA**: a USC ten a vontade de crear un campus transdisciplinar en obxectivos científicos e de innovación relacionados cos dereitos dos seres humanos, a inclusión, a cidade patrimonio ou a cidadanía. Este permitirá á USC posicionarse como un referente nacional e internacional no ámbito da investigación e a docencia en Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas.

En maio de 2015 apróbase a *Memoria de Definición do Proxecto Campus Cidadanía*.



O CAMPUS DO MAR: integra un consorcio no que participan as tres universidades galegas, e no que a USC lidera as capacidades de investigación de interese para o desenvolvemento competitivo da Acuicultura. Esta centrado en obxectivos científicos, tecnolóxicos e socioeconómicos no ámbito marítimo-pesqueiro.

Campus de Excelencia Internacional. Proxecto común das tres universidades galegas, o CSIC, o Instituto Español de Oceanografía e catro universidades portuguesas.



O Campus Vida e o Campus do Mar están recoñecidos polo MINECO como Campus de Excelencia Internacional.



O CAMPUS TERRA: o 4 de setembro de 2015 asinouse o convenio para o Plan de Actuación 2015-2016 centrado na definición e programación das liñas de actuación prioritarias. O Plan de Actuación persegue tres retos:

- 1) Articular a gobernanza do Campus Terra nunha dobre vertente: a definición e organización das estruturas de goberno que deben definir as liñas de actuación e prioridades para materializar os obxectivos do proxecto e a posta en marcha da Unidade Técnica que dea soporte operativo ás estratexias do Campus.
- 2) Elaborar os plans operativos que permitan definir con maior concreción as futuras accións a desenvolver na segunda fase do plan de actuación entre os anos 2017 e 2019.
- 3) Materializar as primeiras accións estratéxicas que se centrarán en potenciar e mellorar os servizos prestados e as estruturas do Campus Terra.

Especialización na sustentabilidade económica, social e ambiental. USC, campus de Lugo.

En setembro de 2015 asínase o convenio para o *Plan de Actuación 2015-2016 do Campus Terra*.



AGRUPACIONES ESTRATÉGICAS

Agrupación Estratégica de Investigación en Tecnologías Ambientais

CRETUS, Cross-Research in Environmental Technologies, é unha agrupación estratéxica constituída en 2015 por 38 profesores e profesoras e 80 persoas investigadoras de 8 grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela. CRETUS pretende desenvolver e avaliar tecnoloxías ambientais sostibles buscando solucións para minimizar impactos e riscos, tratando de recuperar recursos, a través de procesos que sexan económica, social e ambientalmente sostibles, baixo unha óptica interdisciplinar e holística. A información sobre esta agrupación pode ampliarse no enlace <http://www.usc.es/cretus/>

Agrupación Estratégica de Física AEFIS

AEFIS é unha agrupación composta por 56 investigadores e investigadoras da Universidade de Santiago e 5 da Universidade de Vigo, que ten como obxectivo potenciar a actividade investigadora dos seus membros por medio da busca e fortalecemento activo das sinerxias e as colaboracións mutuas. As actividades de AEFIS concernen principalmente ao fortalecemento das actividades investigadoras dos seus membros. AEFIS busca tamén facilitar progresivamente unha xestión máis coordinada da infraestrutura experimental e computacional, así como do establecemento de servizos comúns de xestión da investigación. A información sobre esta agrupación pode ampliarse no enlace <http://aefis.usc.es/web.php>



FITOS DA USC 2015-16

3,9

NOTA DE SATISFACCIÓN
DO ESTUDANTADO
COA DOCENCIA
(PUNTUACIÓN MÁXIMA 5)

9

GRAOS DOBRES

54

PROGRAMAS DE
DOUTORAMENTO

426

TESES DE
DOUTORAMENTO
DEFENDIDAS

62,3%

MULLERES ENTRE O ESTUDANTADO DE
TITULACIÓNS OFICIAIS E PROPIAS DE
1º E 2º CICLO, GRAOS E MÁSTERES OFICIAIS

62

MÁSTERES OFICIAIS

27.215

ESTUDANTES NO
CURSO 2015-16

15

NOVAS CONCESIÓN DA
OFICINA ESPAÑOLA DE
PATENTES E MARCAS

3.297

TRABALLADORES E
TRABALLADORAS
(47% MULLERES)

1.983

ARTIGOS JCR

44

TITULACIÓN
OFICIAIS DE GRAO

+11

MILLÓN DE EUROS
EN CONTRATOS DE
TRANSFERENCIA



+60

MILLÓNS DE EUROS
CAPTADOS PARA I+D

68

PROXECTOS DE
INVESTIGACIÓN
AUTONÓMICOS

138

PROXECTOS DE
INVESTIGACIÓN
NACIONAIS

20

PROXECTOS DE
INVESTIGACIÓN
INTERNACIONAIS



9.538

USUARIOS/AS DO
SERVIZO DE DEPORTES
(+60% ESTUDANTES DA USC)

52,0%

DE MULLERES EN ESTUDOS DE
DOUTORAMENTO

73,3%

MULLERES EN ESTUDOS
DE IV CICLO

1.231

PAS (56,3% MULLERES)

2.066

PDI (41,5% MULLERES)

» OFERTA ACADÉMICA

	13-14	14-15	15-16
Nº titulacións oficiais (1º e 2º ciclo, incluíndo duplicados Santiago - Lugo)	63	63	63
Nº graos (incluíndo duplicados Santiago - Lugo)	42	50	50
Nº de dobres graos	-	-	9
Nº másteres oficiais	71	57	62
Nº titulacións propias (1º e 2º ciclo)	2	2	4
Nº programas doutoramento	49	54	54
Nº másteres propios impartidos	25	23	22
Nº cursos especialización impartidos	22	16	18
Nº cursos formación continua impartidos	47	56	41

» ESTUDANTADO MATRICULADO

	13-14	14-15	15-16
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo	4.409	1.929	407
Graos	18.297	19.727	20.428
Titulacións propias	382	385	307
Másteres oficiais	2.048	2.044	1.943
Doutoramento	2.849	3.048	2.815
Másteres propios	422	360	316
Cursos de especialización	216	217	163
Cursos de formación continua	616	1.267	517
IV ciclo	312	287	319



» RESULTADOS ACADÉMICOS

	13-14	14-15	15-16
Taxas de éxito no 1º e 2º ciclo (%)	85,6	86,4	89,9
Taxa de éxito en graos (%)	85,7	85,6	86,0
Taxa de éxito en másteres oficiais (%)	98,9	95,3	99,0
Taxas de rendemento no 1º e 2º ciclo (%)	67,66	72,8	70,2
Taxa de rendemento en graos (%)	77,4	76,9	76,9
Taxa de rendemento en másteres oficiais (%)	89,3	90,9	90,1
Taxa global de abandono do título no 1º e 2º ciclo e nos graos (%)	24,08	26,7	23,4
Satisfacción media do alumnado coa docencia recibida (Graos)	3,78	3,81	3,9
Satisfacción media do alumnado coa docencia recibida (Másteres)	3,83	3,89	3,9

» INVESTIGACIÓN

	13-14	14-15	15-16
Libros e monografías publicados	158	182	217
Concesións da "Oficina Española de Patentes y Marcas"	18	26	15
Concesións de patentes noutros países	5	30	17
Artigos publicados en revistas	2.000	2.073	2.004
Artigos publicados en revistas JCR	1.723	1.700	1.983
Teses de doutoramento defendidas	253	375	429

» RECURSOS HUMANOS

	13-14	14-15	15-16
Persoal total da USC (a 31 de decembro)	3.339	3.271	3.297
PDI	2.099	2.043	2.066
PAS	1.240	1.228	1.231



Persoal total da USC
(a 31 de decembro)
3.297



PDI
2.066



PAS
1.231

CONTEXTO DA USC RESPONSABLE

- * A USC RESPONSABLE
- * ASPECTOS MATERIAIS DA COBERTURA
- * DIMENSIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL DA USC
- * OS GRUPOS DE INTERESE
- * PREMIOS, PACTOS, INICIATIVAS E REDES

G4-PR

»9 »8

G4-SO

»11 »1

G4-HR

»12 »3

G4

»32 »30 »29 »28 »26 »25

»24 »23 »22 »21 »20 »19

»18 »16 »15 »12





A USC RESPONSABLE

As institucións universitarias a través da docencia, a investigación e a transferencia cumpren coa súa misión esencial de xeración e difusión de coñecemento e dos valores e principios éticos e humanos.



DOCENCIA



INVESTIGACIÓN
E TRANSFERENCIA



RESPONSABILIDADE
COA CONTORNA E
COA COMUNIDADE

» 36



Na súa defensa dos valores de liberdade, igualdade, solidariedade, respecto pola contorna e sostibilidade, a USC afianzou ao longo dos anos o seu compromiso coa responsabilidade social.





» CALIDADE

“Non hai responsabilidade social sen calidade”

A participación e implicación de toda a comunidade universitaria resulta esencial para garantir a calidade da docencia e da investigación na USC.

Actuacións:

- » Melloras na metodoloxía de ensino-aprendizaxe
- » Adaptación da oferta de titulacións
- » Apoio financeiro á mellora da calidade
- » Accións formativas dirixidas o PDI e o PAS
- » Fomento da innovación na docencia
- » Aposta polas TIC
- » Oferta de materias de nivelación, titorías personalizadas e apoio tutorial extraordinario
- » Programas de inserción laboral do estudiantado
- » Consolidación dos grupos de investigación



» PERSOAS

“As persoas son o centro desta institución”

A USC preocupase de respectar os dereitos, cumprir os deberes e promover as capacidades das persoas que forman parte da institución e constitúen o seu capital humano.

Actuacións:

- » Elaboración do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC
- » Xestión do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)
- » Creación da Oficina de Igualdade de Xénero
- » Xestión do Servizo de Participación e Integración Universitaria
- » Compensación e beneficios sociais: anticipos reintegrables, axudas a formación, gardería, becas alumnado, subvencións a residencias universitarias -entre outros-



» DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

“Poñemos o coñecemento ao servizo da sostibilidade”

A USC mantén o compromiso co desenvolvemento sostible a través da educación, a divulgación e a concienciación ambiental.

Actuacións:

- » Xestión da Oficina de Desenvolvemento Sostible (ODS)
- » Xestión do Servizo de Relacións Exteriores
- » Xestión do Servizo de Participación e Integración Universitaria
- » Oferta de programas de doutoramento, másteres e cursos de especialización orientados ao desenvolvemento sostible.

Os principais instrumentos de que dispón a USC para dar cumprimento ao seu obxectivo de responsabilidade social poden consultarse no Código Ético e no Plan Estratégico (2011-2020) do que se desprenden os Plans Estratégicos das Facultades, a Programación Plurianual -a programación en vigor foi aprobada durante o ano 2016- e os Plans Estratégicos.

DOCUMENTOS QUE INSTRUMENTAN A XESTIÓN SOCIALMENTE RESPONSABLE


>> 38



ASPECTOS MATERIAIS DA COBERTURA

Na elaboración desta Memoria de Responsabilidade Social tivéronse en conta as pautas marcadas no G4 do Global Reporting Initiative (GRI). A aplicación desta metodoloxía permite o recoñecemento das oportunidades e dos riscos que afectan aos grupos de interese da universidade. Neste senso, levouse a cabo unha asignación das dimensións social, ambiental e económica nos sete ámbitos da responsabilidade social establecidos na USC e elaborouse unha matriz que permite dar prioridade aos principais parámetros dos aspectos materiais da institución. Pódese ampliar a información sobre o proceso e os resultados da devandita análise da materialidade no Anexo II desta memoria.

AS DIMENSIÓNS DA RESPONSABILIDADE SOCIAIS NA USC





DIMENSIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL DA USC

Os ámbitos da responsabilidade social na USC inclúen a dimensión interna caracterizada polas boas prácticas de goberno e transparencia, a xestión do capital humano e a ecoloxía interna; e a dimensión externa, na que se integran as actuacións de extensión e voluntariado, a relación coas outras organizacións da contorna e

as accións encamiñadas ao desenvolvemento sostible. Entre ambas dimensións atopamos un ámbito intermedio adicado a Xestión Social do Coñecemento a través das actividades docentes e de investigación, e que funciona de nexo de unión da dimensión interna e externa da responsabilidade social da USC.

39 <<

ÁMBITOS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL NA USC

DIMENSIÓN INTERNA		
<p>Bo goberno e transparencia Goberno democrático; Estrutura organizativa; valedor; xestión de calidade e eficiente; rendición de contas e transparencia, entre outros.</p>	<p>Xestión do Capital Humano Formación; igualdade; conciliación; seguridade e saúde; beneficios sociais; mobilidade internacional do persoal.</p>	<p>Ecoloxía Interna Plan de Desenvolvemento Sostible: eixe de xestión ambiental (enerxía, mobilidade, auga, residuos, pegada ecolóxica, etc.).</p>
<p>Xestión Social do Coñecemento Pertinencia e calidade da docencia e a investigación; Transferencia do coñecemento; Formación transversal; Apoio académico e económico; Inserción laboral; Fomento do emprendemento; Mobilidade internacional de estudantes; Capacidade investigadora; Resultados académicos e de investigación.</p>		
<p>Extensión e voluntariado Voluntariado, participación e promoción social actividades culturais; Servizo de deportes; Formación en valores.</p>	<p>Relacións con organizacións Proxección exterior e internalización; provedores, empresas e institucións; cátedras; A Ponte, AAPP, etc.</p>	<p>Desenvolvemento Sostible Plan de Desenvolvemento Sostible: eixes de formación; sensibilización e divulgación ambiental; USC en transición; Cooperación Internacional.</p>
DIMENSIÓN EXTERNA		



OS GRUPOS DE INTERESE

RESPONSABILIDADE SOCIAL NA USC

>> 40



EVOLUCIÓN DAS QUEIXAS AO VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

14	15	16	
55	50	49	Estudantes
11	9	11	Persoal Docente e Investigador (PDI)
3	5	1	Persoal de Administración e Servizos (PAS)
-	3	1	De oficio
-	1	-	Outros
69	68	62	TOTAL

A USC comparte cos seus grupos de interese -PDI, PAS, estudantado, estudantado egresado, provedores, empresas, administración públicas e comunidades locais e globais- un conxunto de obxectivos e metas comúns. Para dar cumprimento á estratexia de responsabilidade social resulta necesaria a implicación e participación de todos os grupos na xestión do conxunto das actividades encamiñadas á creación de valor compartido.

Os Grupos de Interese contan cun espazo web no que se recollen as súas opinións e invítase a compartir as actuacións en materia de responsabilidade social. Para a defensa dos seus intereses, estes colectivos teñen recoñecida a súa representación e presenza directa nos órganos de goberno da Universidade, no Claustro Universitario, no Consello de Goberno, nas Xuntas de Facultade e Escolas e nos Consellos de Departamento.

O Valedor da Comunidade Universitaria é a institución independente e autónoma que traballa na garantía e defensa dos dereitos da comunidade universitaria. No ano 2016 recolléronse unicamente 62 instancias, reducíndose a cifra dos anos anteriores. A axilidade na actuación desta institución permitiu que tres cuartas partes das queixas se tramitasen nos trinta días seguintes á súa presentación.

INTERESES E EXPECTATIVAS DOS GI

ESTUDANTADO: Espera recibir unha oferta académica atractiva e de calidade acorde coas necesidades da sociedade e do mercado de traballo.

PERSOAL: Preocupado pola xestión das condicións profesionais nas que debe desenvolver o seu traballo, a súa formación e promoción.

PROVEDORES: Interesados en establecer relacións de confianza e colaboración e aos que se debe estender o compromiso co desenvolvemento sustentable.

EMPRESAS E INSTITUCIÓNS: Demandan que a oferta educativa e a xeración de coñecemento se axuste aos seus requirimentos e ás necesidades sociais e laborais, e un incremento da colaboración para impulsar a docencia e a creación de coñecemento aplicado.

OUTROS CENTROS E INSTITUCIÓNS DOCENTES: É preciso estreitar a colaboración para facilitar o movemento dos estudantes e promover proxectos conxuntos tanto docentes coma de investigación.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: Requiren o cumprimento coa normativa e a colaboración no desenvolvemento das políticas públicas.

TERCEIRO SECTOR: Disposto a traballar de maneira conxunta e acadar sinerxias que permitan mellorar o benestar da sociedade.

SOCIEDADE: Debe recibir dividendo social das universidades mediante o impulso ao desenvolvemento económico e a dinamización social e cultural.





A USC preocúpase por coñecer o grao de satisfacción dos Grupos de Interese coa institución. Na páxina web vinculada á Área de Calidade e Mellora poden consultarse, entre outros documentos, os cuestionarios, os procedementos e os informes de resultados das distintas enquisas de satisfacción que periodicamente se realizan na universidade.

» 42

 ESTUDANTADO	SATISFACCIÓN COA DOCENCIA RECIBIDA
	EGRESADOS/AS DE GRAOS
	EGRESADOS/AS DE MÁSTERES
	MOBILIDADE SAÍNTE GRAOS
	MOBILIDADE SAÍNTE MÁSTERES
	MOBILIDADE ENTRANTE
	PRÁCTICAS EXTERNAS
	SATISFACCIÓN COA TITULACIÓN

 EMPRESAS/ INSTITUCIÓN	VALORACIÓN TITORES/AS PROFESIONAIS DE PRÁCTICAS EXTERNAS
---	---

 PROFESORADO	SATISFACCIÓN COA DOCENCIA IMPARTIDA
	SATISFACCIÓN COA TITULACIÓN
	SATISFACCIÓN CO PROFESORADO DA ACCIÓN FORMATIVA DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE
	SATISFACCIÓN COA ACCIÓN FORMATIVA DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE
	VALORACIÓN DOS/AS TITORES/AS ACADÉMICOS/AS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

 PAS	SATISFACCIÓN CO PROFESORADO DA ACCIÓN FORMATIVA DO PROGRAMA DE FORMACIÓN
	SATISFACCIÓN COA ACCIÓN FORMATIVA DO PROGRAMA DE FORMACIÓN
	SATISFACCIÓN E OPINIÓN



PREMIOS, PACTOS, INICIATIVAS E REDES

O traballo esmerado das persoas que forman a comunidade da USC no afianzamento da responsabilidade social recoñécese coa concesión dos seguintes premios, medallas e distincións:



RECOPIACIÓN DE PREMIOS E RECOÑECIMENTOS RECOLLIDOS NA MEMORIA DA USC 2016 -VERSIÓN DEC. 2017.

Premios e distincións concedidos pola USC a stakeholder internos e externos.

PREMIO	DESCRICIÓN
<p>II PREMIOS VALENTÍN PAZ ANDRADE EN INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA DE GALICIA (USC-USC). CONVOCA: CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA E O IDEGA</p>	<p>Para André Carrascal Incera e Melchor Fernández polo traballo 'Tourism and incomedistribution: Evidence from a developed regional economy' publicado en Tourism Management (2015).</p>
<p>II PREMIOS JESÚS GARCÍA CALVO EN INVESTIGACIÓN EN DESENVOLVEMENTO RURAL E COOPERACIÓN CONVOCA: IDEGA E FEIRACO</p>	<p>Para Diego Conde Gómez polo traballo 'Renovación na veterinaria e gandería galega contemporánea', Álvaro García Corral pola súa tese 'Análisis y tipificación de explotaciones de bovino de carne en Galicia mediante un método de control basado en lógica difusa' e Diego Fernando Avendaño Cantor polo traballo 'Programas agroambientales e impacto territorial en la provincia de Lugo-Galicia'</p>
<p>XI PREMIOS Á CALIDADE LINGÜÍSTICA</p>	<p>Na área de Enxeñaría dos TFG/PFC gañaron Pilar Rodríguez López polo traballo 'Análise dos investimentos realizados por explotacións de leite acollidas a plans de mellora'; mentres que na de Ciencias Sociais e Xurídicas gañaron <i>ex aequo</i> Eva Otero e Sergio Carbón por 'O ensino durante a Segunda República no Concello de Teo' e 'As escolas ao aire libre: unha alternativa pedagóxico-ambiental para a educación de infancia. Estado da cuestión en viabilidade en Galicia', respectivamente.</p> <p>Na área de Ciencias recoñeceuse o traballo 'Aproximación dos autovalores e autovectores dunha matriz tridiagonal simétrica mediante un algoritmo Divide e Vencerás', de David Ferreiro. Na de Ciencias da Saúde o premio foi para Cora Gutiérrez por 'Deterioración do proceso de busca visual en anciás con e sen demencia senil tipo Alzheimer', e na de Arte e Humanidades para Lúa García por 'A figura de Diotima no Simposio de Platón' e para o traballo 'Os xéneros dialogados na lírica románica medieval' de Tania Vázquez.</p> <p>Na modalidade de TFM os premios foron, na modalidade de Enxeñaría, para Fabio Dacosta polo traballo 'Saliencia e crowdsourcing: gatches útiles para avaliar o deseño de páxinas web'; na de Ciencias Sociais e Xurídicas para Sabela Direito por 'As series de televisión fronte aos social media. Un estudo do uso e da influencia da xestión das redes sociais por parte das series de ficción españolas'. Pola súa banda, en Ciencias gañaron (ex aequo) Pablo Fernández por 'Optimización dun modelo para a determinación do número de agregación micelar a partir de medidas de tensión superficial' e Francisco Fontenla por 'Producción de xeles de ulvano e avaliación da súa actividade como adxuvante no rodaballo <i>Scophthalmus maximus</i>'.</p> <p>Na área de Ciencias da Saúde resultou gañadora Lucía Denniss Fernández polo 'Plan de prevención de riscos laborais dunha explotación avícola' e, en Arte e Humanidades, premiáronse os traballos 'Os dicionarios toponímicos: caracterización, análise crítica e proposta' e 'Conceptualización da loucura na linguaxe figurada medieval galega' de Sandra Beis e Verónica Pousada, respectivamente.</p> <p>Por último, na modalidade de traballos académicos gañaron Alberto Liñares Lamas polo traballo 'Aproveitamento de materias primas. Petróleo e Biomasa' e Adela Estévez, María González, Estefanía López e Tamara Rial por 'A cortesía nas peticións, o proceso de adquisición nos nenos. Pragmática e análise do discurso'.</p>
<p>I CONCURSO DE NADAL DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO MUSEO DE HISTORIA NATURAL DA USC</p>	<p>Na categoría de 5 a 8 anos resultou vencedora Ánxela Maneiro Pérez, de 8 anos, polo seu traballo Minerais na nosa vida. Na segunda, de 9 a 13, gañou David Gutiérrez Fernández, de 11 anos, por Talco, óxido de ferro e serpentina. Sergio García Coira, un rapaz de 14 anos, venceu co traballo Azurita e, finalmente, na categoría de 18 ou máis a gañadora foi Begoña Moreiras España por Diamantes.</p>

PREMIO	DESCRICIÓN
ARGOS 2015	Gen-DR (Genetics and Drug Response) e MEETLAB son os dous equipos que se proclamaron gañadores da terceira edición do programa Argos, iniciativa da USC para conformar equipos universitarios de emprendedores.
XV CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA USC	Un corrector adaptativo de astigmatismo (Eva Acosta Plaza e Justo Arines Piferrer, de Óptica e Optometría), un sistema de secado de sangue en matadoiros (de José Manuel Magide Ameijide e Hiram Varela Rodríguez, da EPS de Lugo), un servizo de depuración-reutilización de augas residuais procedentes da acuicultura (Silvia Calaza Mosquera, Cristina Balagones Domínguez e Gregorio Rivadeneira Torres), unha ferramenta para o fomento da creatividade fóra do contexto escolar (de Noelia Villaverde Rozas e Sara Vidal Núñez) e un asistente persoal de persoas con problemas de memoria (do estudante da ETSE Ángel Rodríguez Cerdeira).
PREMIO MULLER	ADICA
EMPREENDEDORA. XV CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC	Philip Ducan Webb, primeiro premio polo relato 'Satanás fóra! – Realidade e ficción no Códice Casabraván'; Alba María Rodríguez Díaz, segundo premio por 'O mes máis cruel'; e Gisella Costas López, polo poema 'Inasíbel'.
PREMIO BASE TECNOLÓXICA. XV CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC	SITUM TECHNOLOGIES, S.L
PREMIO EMPRESA XOVE. XV CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC	Qubiotech, HealthIntelligence, S.L.
PREMIO PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA. XV CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC	NOSTRACKER

Premios e distincións recibidas por membros e servizos da Usc por stakeholder externos.

PREMIO	DESCRIPCIÓN
PREMIOS ANTONIO CASARES RODRÍGUEZ E JULIÁN FRANCISCO SUÁREZ FREIRE DA ACADEMIA GALEGA DE FARMACIA	Á graduada Elia AlvarezCoiradas e ao investigador Anxo Fernández Ferreiro, respectivamente.
XIX PREMIO NÓVOA SANTOS DA ASOCIACIÓN DE MÉDICOS GALLEGOS (ASOMEGA)	A o profesor José Castillo Sánchez .
REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS	Juan Lema e Juan José Nieto incorpóranse como académicos.
SOCIEDADE ESPAÑOLA DE FARMACIA INDUSTRIAL E GALÉNICA (SEFIG)	O profesor do Departamento de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica Francisco Javier Otero Espinar foi elixido presidente da SEFIG.
FESTIVAL TEATRO UNIVERSITARIO DA BEIRA INTERIOR	A Aula de Teatro Compostelá colecta o premio ao mellor espectáculo e á mellor interpretación no Festival Universitario da Beira Interior:
FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE CANTABRIA PARA O ESTUDO E A INVESTIGACIÓN DO SECTOR FINANCIERO (UCEIF)	O doutorando pola USC Andrea Ugolini foi o gañador do accésit nos premios que entrega anualmente a Fundación da Universidade de Cantabria para o Estudo e a Investigación do Sector Financeiro (UCEIF) financiada polo Banco Santander: O galardón reconece a súa tese de doutoramento 'Modeling Systemic Risk In Financial Markets'.
PREMIO PARA INVESTIGADORES NOVOS DA COMUNIDADE DE FÍSICA NUCLEAR CON NÚCLEOS EXÓTICOS (GENCO)	Para a tese de José Luis Rodríguez Sánchez, do Departamento de Física de Partículas da USC.
DISCOVERY FAST TRACK DE GLAXOSMITHKLINE	O programa Discovery Fast Track da compañía GlaxoSmithKline (GSK) seleccionou entre os proxectos gañadores da súa convocatoria de 2015 un proxecto no que colaboran a Plataforma Innopharma da USC e o Centro Nacional de Biotecnoloxía (CNB-CSIC). Esta é unha das seis propostas gañadoras, elixidas entre 378 proxectos procedentes de 21 países de Europa e Norteamérica.
MELLOR PROXECTO LIFE+ DE MEDIO AMBIENTE EN 2015	O proxecto LIFE+ Aquaenvec no que participa a Universidade de Santiago acaba de ser declarado como Mellor Proxecto LIFE+ de Medio Ambiente en 2015 pola súa análise da ecoeficiencia do sistema integral do ciclo urbano da auga que inclúe potabilización, rede de distribución e de sumidoiros e tratamentos das augas residuais.
PREMIO DA REAL SOCIEDADE ESPAÑOLA DE QUÍMICA (RSEQ)	A Real Sociedade Española de Química (RSEQ) reconece o investigador Ramón y Cajal da USC Martín Fañanás cun dos seus premios anuais na categoría de novos investigadores.

PREMIO	DESCRIPCIÓN
PREMIOS DO OBSERVATORIO DO EMPRENDEMENTO UNIVERSITARIO	A Universidade de Santiago de Compostela, xunto coa de Cantabria, recibiu un premio pola súa achega ao traballo do Observatorio do Emprendemento Universitario, unha iniciativa para monitorizar a evolución do perfil emprendedor do estudantado universitario español.
PREMIOS AOS MELLORES ARTIGOS CIENTÍFICOS DA JOURNAL OF PHYSICS A	A revista científica Journal of Physics A recoñeceu cos premios que anualmente concede aos mellores artigos científicos un traballo realizado polo catedrático da Facultade de Física José Luis Miramontes e que asina conxuntamente co profesor Timothy J Hollowood, da Universidade de Swansea (Reino Unido), e o doutor David M Schmidt, do Instituto de Física Teórica de Sao Paulo (Brasil).
PREMIO DA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE INVESTIGACIÓN EN CRIMINOLOXÍA	A catedrática de Psicoloxía clínica da USC María Ángeles Luengo foi distinguida co Premio Sociedade Española de Investigación en Criminoloxía.
IV ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA	O doutorando da USC Jose Ameijeiras Alonso recibiu o premio á Mellor Comunicación Oral na Área de Ciencias Experimentais e Tecnolóxicas no IV Encontro da Mocidade Investigadora.
PREMIO SOLIDARIO ONCE-GALICIA 2016	O Instituto de Ciencias Forenses da USC é un dos gañadores dos Premios Solidarios ONCE-Galicia 2016 por ser un referente internacional no labor científico que desenvolve.
PREMIO SUSCHEM PREDOC-MESTRELAB	A plataforma tecnolóxica de Química SostibleSusChem España concedeulle á investigadora do CiQUS da USC Noelia Casanova o premio Predoc-MestreLab 2016 ao mellor artigo científico publicado en 2015 por un/una estudante de doutoramento.
UNIVERSIDADE CHINESA DE SICHUAN	O profesor César Domínguez, nomeado catedrático honorario da Universidade Chinesa de Sichuan.
XVI CONGRESO NACIONAL E VII CONGRESO IBEROAMERICANO DE PEDAGOXÍA (SEP)	A doutoranda Nerea Rodríguez-Regueira acadou o premio á mellor comunicación oral pre doutoral no XVI Congreso Nacional e VII Congreso Iberoamericano de Pedagogía (SEP), o maior encontro iberoamericano que ten lugar no ámbito da investigación educativa .
CAMPIONATO MUNDIAL DE DEBATE EN ESPAÑOL (CMUDE)	O equipo do Club de Debate Compostela, integrado pola ourensá Aida González, estudante de Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela, e a pontevedresa Atenea Luana Martínez, estudante de Dereito da mesma Universidade, foi o gañador do Campionato Mundial de Debate en Español (CMUDE)
X PREMIO DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES 'CONCEPCIÓN ARENAL'	O profesor de Filosofía e Antropoloxía da USC Marcelino Agís Villaverde gañou a décima edición do Premio de Investigación en Humanidades 'Concepción Arenal', que convocan con carácter bienal a Universidade da Coruña (UDC) e o Concello de Ferrol, polo traballo 'Anatomía del pensar: el discurso filosófico y su interpretación'.

PREMIO	DESCRIPCIÓN
PREMIO 'MARÍA JOSEFA WONENBURGER'	Á catedrática de Matemática Aplicada da USC Peregrina Quintela Estévez.
II PREMIOS NOVOS INVESTIGADORES DA FUNDACIÓN ASTRAZENECA	O investigador da USC Rubén Nogueiras acada o premio a novos investigadores da Fundación AstraZeneca.
ORDE CIVIL DE ALFONSO X O SABIO	O profesor emérito da USC Alberto Arce Arce, condecorado coa encomenda da Orde Civil de Alfonso X o Sabio.
ACADEMIA NACIONAL DE MEDICINA DE ESTADOS UNIDOS	A catedrática de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica María José Alonso, novo membro da National Academy of Medicine de Estados Unidos (NAM).
PREMIO ROLAND W. FREIDA IAEAC (INTERNATIONAL ASSOCIATION OF ENVIRONMENTAL ANALYTICAL CHEMISTRY)	O traballo de Gerardo Álvarez Rivera realizado dentro do grupo LIDSA da USC sobre o comportamento fotoquímico dos conservantes de produtos de consumo e coidado persoal, recibiu o premio Roland W. Frei da IAEAC (International Association of Environmental Analytical Chemistry).
PREMIO MODEL2MARKET UNIVERSIA	A spin off da USC GenDR, gañadora do premio Model2Market Universia.
PREMIO DE DIVULGACIÓN DO CENTRO NACIONAL DE FÍSICA DE PARTÍCULAS, ASTROPARTÍCULAS E NUCLEAR (CPAN)	O programa de televisión 'Historia del Tiempo' recibiu o premio de divulgación do CPAN na modalidade de vídeos polo traballo 'Historia del CERN', un especial que contou co asesoramento científico dos investigadores do Instituto Galego de Física de Partículas (IGFAE), os profesores José Edelstein, Javier Mas e Cibrán Santamarina.
PREMIO UNIVERSIDADE EMPRESA DA RED ESPAÑOLA DE FUNDACIONES UNIVERSIDAD EMPRESA (REDFUE)	Á USC polo seu "elevado nivel de transferencia".
INSTITUTO EUROPEO PARA A IGUALDADE DE XÉNERO (EIGE)	O Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) elixiu os Premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación da USC como unha das dez mellores boas prácticas de promoción da igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación de entre máis de 50 de toda a Unión Europea.
PREMIOS DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA	A profesora de Bioloxía Ana María Otero Casal recolleu o premio outorgado pola Real Academia Galega de Ciencias a un equipo interdisciplinar da USC, formado por investigadores do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía e da Área de Estomatoloxía, na modalidade de mellor traballo desenvolvido por un grupo de investigación aplicada dos Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2016. Outro equipo da USC, concretamente o seu Instituto de Matemática Industrial, está directamente relacionado con outros dos premios, o da modalidade de Mellor caso de éxito de transferencia de tecnoloxía en grandes empresas, concedido a Reganosa.

PREMIO	DESCRIPCIÓN
MEDALLA AGUSTÍN DE BETANCOURT Y MOLINA	A investigadora do Departamento de Enxeñaría Química Sara González García recibiu a Medalla Agustín de Betancourt y Molina, outorgada pola Real Academia de Enxeñaría Española na categoría de Investigadores Novos.
PREMIOS EDUCA COMPOSTELA DE INNOVACIÓN, CALIDADE NA EDUCACIÓN E RENOVACIÓN PEDAGÓXICA	Dúas propostas deseñadas por investigadores das facultades de Ciencias da Educación de Santiago e de Formación do Profesorado de Lugo resultaron galardoadas nos Premios EducaCompostela de innovación, calidade na educación e renovación pedagóxica que convoca o Concello de Santiago: o proxecto 'Ser docente a través da arte', proposto polos docentes da facultade luguesa de Formación do Profesorado Vicente Blanco Mosquera e Salvador Cidrás Robles e por Rocio Modia Vázquez, e o proxecto 'Dimenome', da integrante do grupo de investigación Stellae, Silvia López Gómez.
PREMIOS 'CONSTANTE Y VITALES'	O profesor Miguel López acaba de ser galardoado premio na modalidade Talento Novo en Investigación Biomédica da segunda edición dos premios 'Constantes y Vitales', campaña de responsabilidade corporativa de laSexta, coa colaboración da Fundación AXA.
STUDYPORTALS	A plataforma internacional Studyportals galardoa á USC co premio á maior satisfacción do estudiantado internacional 2016.
XXV PREMIOS DE INVESTIGACIÓN ERNESTO VIÉTEZ DA RAGC	Mención honorífica a un estudo sobre a función de Green realizada polos matemáticos da USC Alberto Cabada e Lorena Saavedra. E tamén na modalidade de novos investigadores outorgouse unha mención honorífica á química do Centro Singular de Investigación en Química Bioloxía e Materiais Moleculares (CIQUS) Jessica Rodríguez por un traballo de recoñecemento selectivo de longas secuencias de ADN con construcións peptídicas multicomponentes.
REAL SOCIEDADE ESPAÑOLA DE FÍSICA	O doutor pola USC José Luis Lado acaba de recibir o premio á mellor tese na categoría de teoría no eido da física da materia condensada que concede o Grupo Especializado en Física do Estado Sólido da Real Sociedade Española de Física
RECOÑECEMENTO DE ESTUDANTES ERASMUS+ 2016	A estudante de Grao en Lingua e Literatura Inglesas da USC Alejandra Fernández González recibiu este luns en Madrid o Recoñecemento de estudantes Erasmus+ 2016 na categoría de Educación Superior que entrega o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).
MITEU	A compañía de teatro USC-Lugo acada unha mención na Miteu de Ourense pola representación de 'O Público'.
X CONGRESO NACIONAL DE INVESTIGACIÓN PARA PRE GRADUADOS EN CIENCIAS DA SAÚDE	As alumnas de Veterinaria Alba Nadal, Mónica López e Paula Rodríguez, premiadas no X Congreso Nacional de Investigación para pre graduados en Ciencias da Saúde pola comunicación científica 'Estrés en coellos domésticos'.
eCOLLABORATION GLOBAL 2016	O alumno do Máster en Dirección de Proxectos do Campus Terra da USC José Mario Mora Marich proclamouse campión da quinta edición da competición internacional 'eCollaboration Global 2016', un torneo organizado pola International Project Management Association (IPMA).

A USC participa, xunto a outras institucións, en redes e grupos de traballo orientadas á promoción da responsabilidade social entre as que destacan:

- >> AEPUM (ASOCIACIÓN ESTATAL DE PROGRAMAS UNIVERSITARIOS PARA MAIORES)
- >> CINDA (CENTRO INTERUNIVERSITARIO DE DESENVOLVEMENTO)
- >> CONFERENCIA DE REITORES DE UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS (CRUE)
- >> DECLARACIÓN DE COMPOSTELA
- >> DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS PARA CONSTRUIR A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
- >> EUNIS (EUROPEAN UNIVERSITY INFORMATION SYSTEMS)
- >> GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES
- >> INEO (MEMBRO DO CONSELLO CONSULTIVO DA ASOCIACIÓN MULTISECTORIAL DE TICS)
- >> MAGNA CHARTA UNIVERSITARIUM
- >> PACTO MUNDIAL DAS NAÇÕES UNIDAS
- >> RCE (REDE DE COMITÉS DE ÉTICA DAS UNIVERSIDADES E ORGANISMOS DE INVESTIGACIÓN PÚBLICOS DE ESPAÑA)
- >> REDE COPERNICUS (COOPERATION PROGRAM IN EUROPE FOR RESEARCH ON NATURE AND INDUSTRY THROUGH COORDINATED UNIVERSITY STUDIES)
- >> REDE ISEP (INTERNATIONAL STUDENT EXCHANGE PROGRAM)
- >> REDE UNISIC (UNIVERSIDAD PARA LA SOCIEDAD DEL CONOCIMIENTO)
- >> REDE UNIVERSIDADE
- >> REDE DE UNIVERSIDADES POLO CLIMA
- >> REDEMPRENDIA (REDE DE UNIVERSIDADES IBEROAMERICANAS PARA A INCUBACIÓN DE EMPRESAS)
- >> REDUNIRSE (REDE IBEROAMERICANA DE UNIVERSIDADES POLA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL)
- >> REDE TETHYS
- >> EUROPEAN ASSOCIATION FOR HIGHER EDUCATION
- >> FUNDACIÓN CEER

GESTIÓN DEL CAPITAL HUMANO

- * PERFIL DO PERSOAL
- * REPRESENTACIÓN DO PERSOAL
- * FORMACIÓN
- * IGUALDADE E CONCILIACIÓN
- * PROMOCIÓN, COMPENSACIÓN E BENEFICIOS SOCIAIS
- * SEGURIDADE E SAÚDE

G4-PR

»9 »8

G4-SO

»11 »1

G4-HR

»12 »3

G4

»32 »30 »29 »28 »26 »25

»24 »23 »22 »21 »20 »19

»18 »16 »15 »12

G4-LA**





O Código Ético da USC afianza o compromiso da institución co benestar do seu persoal.

» 52

A xestión de persoas

Os obxectivos e liñas estratéxicas no ámbito da xestión de persoas aparecen recollidas no Plan Estratéxico 2011-2020. Entre as directrices marcadas no plan destacan:

» **PE** | **AE1LE1**

Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade.

» **PE** | **AE1LE2**

Compromiso co desenvolvemento profesional do persoal.





A USC conta con máis de 3.000 profesionais PDI e PAS.



PERFIL DO PERSOAL

No ano 2016 a USC contou cun total 3.297 persoas contratadas cunha idade media de 51,9 anos e un porcentaxe de mulleres do 47%.

14	15	16	
3.339	3.271	3.297	Traballadores e traballadoras
53,8	51,6	51,9	Idade Media (en anos)
46,4%	46,9%	47%	Mulleres
53,6%	53,1%	53,0%	Homes



A taxa de mulleres que traballan na USC rexistra un aumento constante nos últimos 10 anos.

» EVOLUCIÓN DO PERSOAL DA USC

2014	2015	2016
2.099 PDI	2.043 PDI	2.066 PDI
40,8% mulleres 59,2% homes	43,1% mulleres 58,7% homes	41,5% mulleres 58,5% homes
1.240 PAS	1.228 PAS	1.231 PAS
55,9% mulleres 44,1% homes	56,4% mulleres 43,6% homes	56,3% mulleres 43,7% homes
3.339 TOTAL	3.171 TOTAL	3.297 TOTAL
46,4% mulleres 53,6% homes	46,9% mulleres 53,1% homes	47% mulleres 53% homes

Durante o ano 2016 aumentou o número de mulleres entre o Persoal Docente e Investigador, aínda que a porcentaxe segue sendo sete puntos menor que a de homes. A situación é inversa no tocante ao Persoal de Administración e Servizos onde a presenza de mulleres representa o 56,3% sobre o total.

O persoal PDI

No ano 2016 a USC incrementou o seu Persoal Docente e Investigador alcanzando as cifras de 1.267 de PDI funcionario e 799 de PDI contratado. Por áreas de coñecemento, as Ciencias da Saúde concentran o 28,2% do PDI, seguidas das Ciencias Sociais e Xurídicas cun 27,8%. Por categorías obsérvase que nas Cátedras e Titularidades as mulleres son minoría ao contrario que sucede nas figuras de máis recente creación como a de Axudante Doutor ou Contratado Doutor onde a presenza feminina representa o 54,2 % e o 52,9% respectivamente.

» EVOLUCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI) DA USC

» 54

	2014	2015	2016
2.099 PDI TOTAL	2.043 PDI TOTAL	2.066 PDI TOTAL	
40,8% mulleres	41,3% mulleres	41,5% mulleres	
59,2% homes	58,7% homes	58,5% homes	
1.341 FUNCIONARIOS/AS	1.298 FUNCIONARIOS/AS	1.267 FUNCIONARIOS/AS	
39,1% mulleres	39,2% mulleres	39,7% mulleres	
60,9% homes	60,8% homes	60,3% homes	
758 CONTRATADOS/AS	745 CONTRATADOS/AS	799 CONTRATADOS/AS	
43,7% mulleres	44,8% mulleres	44,3% mulleres	
56,3% homes	55,2% homes	55,7% homes	



» EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO PDI POR CATEGORÍAS

	2014	2015	2016
Catedráticos/as Universidade	354	330	320
Titulares Universidade	910	897	881
Catedráticos/as Escola Universitaria	8	6	6
Titulares Escola Universitaria	69	65	60
Axudantes	0	0	0
Axudantes Doutores/as	23	25	24
Contratados/as Doutores/as	234	244	278
Asociados/as	345	329	372
Colaboradores/as	14	13	13
Lectores/as	11	12	11
Interinos/as	124	122	101
Outros	7	0	0

» DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DO PDI POR RAMAS DE COÑECEMENTO

	2014	2015	2016
Ciencias da Saúde	27,8	27,9	28,2
Ciencias	23,8	24,1	23,6
Artes e Humanidades	15,3	15,1	14,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	27,1	27	27,8
Enxeñaría e Arquitectura	6,0	5,8	5,7



O persoal PAS

O Persoal de Administración e Servizos durante o ano 2016 estivo formado por 634 PAS funcionarios, 592 PAS laborais e 5 PAS eventuais, o que supón un leve incremento respecto das cifras do ano anterior.

» EVOLUCIÓN DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) POR CATEGORÍAS

	2014	2015	2016
1.240 PAS TOTAL	1.228 PAS TOTAL	1.231 PAS TOTAL	
- mulleres - homes	56,4% mulleres 47,6% homes	56,3% mulleres 43,7% homes	
634 FUNCIONARIOS/AS	631 FUNCIONARIOS/AS	634 FUNCIONARIOS/AS	
- mulleres - homes	70,0% mulleres 30,0% homes	70,0% mulleres 30,0% homes	
601 PERSOAL LABORAL	592 PERSOAL LABORAL	592 PERSOAL LABORAL	
- mulleres - homes	42,1% mulleres 57,9% homes	41,7% mulleres 58,3% homes	
5 PERSOAL EVENTUAL	5 PERSOAL EVENTUAL	5 PERSOAL EVENTUAL	
- mulleres - homes	20,0% mulleres 80,0% homes	20,0% mulleres 80,0% homes	



» PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) LABORAL POR CATEGORÍAS

PAS por categorías:

	2014	2015	2016
Grupo I	91	94	96
Grupo II	36	35	36
Grupo III	215	214	210
Grupo IV	250	249	250
TOTAL	601	592	592



REPRESENTACIÓN DO PERSOAL

O conxunto do persoal da USC ten recoñecidos, dentro do ámbito universitario, os seus dereitos de liberdade de expresión, asociación, reunión, manifestación e folga.

O PDI e o PAS contan con representación na Xunta de Persoal e no Comité de Empresa, ámbitos nos que se defender, negociar e acordar as condicións económicas, laborais e profesionais do seu traballo.



FORMACIÓN

Os estatutos da USC recoñecen como un dereito e unha obriga a formación continua do seu persoal. A institución organiza as accións formativas necesarias que permitan manter actualizados os coñecementos do PDI e o PAS relacionados cos seus postos de traballo.



No ano 2016 as actividades formativas incrementaron en máis dun 10% o número de asistentes ata chegar as 2.867 persoas participantes nas distintas actuacións organizadas.

2014

2.328

2015

2.590

2016

2.867

ASISTENTES ACTIVIDADES FORMATIVAS

O Plan de Formación do Persoal de Administración e Servizos contou no ano 2016 cun total de 66 cursos repartidos nas áreas de: Iniciación, Formación para a Promoción, Desenvolvemento Directivo, Formación Externa, Formación Operativa e Seguridade e PRL, sendo as dúas últimas as que maior demanda de participación rexistraron. En total rexistráronse 948 matrículas nestes cursos.

O Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) ofrece formación en diferentes temáticas destacando o interese do PDI nas actividades relacionadas coa aplicación das TIC á docencia, á metodoloxía docente e ao desenvolvemento profesional. No curso 2015-16 organizáronse un total de 88 actividades nas que se rexistraron 1.331 matrículas e contaron con 112 persoas relatoras.



No curso 2015-16 expedíronse 26 Diplomas en Docencia Universitaria (DDU).

» NÚMERO DE PERSOAS MATRICULADAS POR TIPO DE ACTIVIDADE DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE (PFID)

MATRICULADOS POR TEMÁTICA PFID	13-14	14-15	15-16
Espazo Europeo de Educación Superior	33	0	0
Guías docentes	0	10	0
Habilidades docentes	10	186	225
Metodoloxía e avaliación	51	76	103
Orientación e titoría universitaria	0	0	35
Prácticas docentes innovadoras na USC	39	80	91
TIC aplicadas á docencia	493	438	366
Prevenção de riscos laborais	76	186	125
Igualdade de xénero	62	25	15
Tratamento e xestión de información	83	271	272
Actualización de contidos	11	48	99
MATRÍCULA TOTAL	858	1320	1331



» DIPLOMAS DE DOCENCIA UNIVERSITARIA (DDU)

	13-14	14-15	15-16
Campus de Santiago	10	12	23
Campus de Lugo	1	2	3
Novéis	5	4	-
TOTAL	16	18	26



IGUALDADE E CONCILIACIÓN

Igualdade

Os resultados da avaliación anual do II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, desenvolvido pola Oficina de Igualdade de Xénero, indican que se acadou un 80% de grao de cumprimento das accións (un 38,67% de forma parcial) propostas no plan.

GRAO DE CUMPRIMENTO DO II PLAN ESTRATÉXICO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA USC (2014-2018)

	2014	2015	2016
Total	36,00%	38,67%	41,33%
Parcial	29,33%	36,00%	38,67%
Non cumpridas	34,60%	25,33%	20,00%



A ferramenta en liña GEAR tool do European Institute of Gender Equality apoia a Universidade na creación, seguimento e avaliación dos plans de igualdade de xénero.

Entre as accións consolidadas no ano 2016 están as seguintes: a convocatoria anual dos Premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación, que alcanzou a súa sétima edición. Cabe destacar que, como exemplo de boa práctica, esta iniciativa foi incluída na ferramenta en liña (**GEAR tool**) do *European Institute for Gender Equality (EIGE)* para apoiar a organizacións investigadoras (como as universidades) na creación, execución, seguimento e avaliación dos plans de igualdade de xénero. Ademais, a IV edición da *Xornada Universitaria Galega en Xénero e o III Concurso de Lemas contra a violencia de xénero*, dirixido ao noso alumnado. Así como a conmemoración das datas consagradas na axenda feminista (o 8 de Marzo e o 25 de Novembro) e o recoñecemento pola súa traxectoria a prol da igualdade de xénero a unidades ou servizos da USC, no marco do acto institucional do Día Internacional das Mulleres, outorgado neste ano ao Servizo de Normalización Lingüística pola súa implicación coa promoción da linguaxe non sexista.

» 60

Entre as principais novidades cabe salientar a posta en marcha do programa *Unha enxeñeira ou científica en cada cole*, no marco do convenio de colaboración en materia de igualdade entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC, para incentivar a presenza de rapazas nas carreiras relacionadas coas disciplinas coñecidas como STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), caracterizadas por unha baixa porcentaxe de alumnas. Tamén destaca a aprobación do *Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero* de aplicación a toda nosa comunidade universitaria.



Durante este curso apróbase o Protocolo de prevención e actuacións fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero.

» CUMPRIMENTO II PLAN 2014-18 AVALIACIÓN DO 2016:

	TOTAL	PARCIAL	NON CUMPRIDAS
Área 1 - Políticas da USC	46,06%	35,29%	17,65%
Área 2 - Formación, docencia e investigación	35,71%	42,86%	21,43%
Área 3 - Presenza, promoción e representación	28,57%	47,62%	23,81%
Área 4 - Conciliación e corresponsabilidade	53,85%	23,07%	23,08%
Área 5 - Acoso e actitudes sexistas	75,00%	25,00%	0,00%
Área 6 - Condicións socio-sanitarias no traballo	33,33%	50,00%	16,67%
II PEIOMH. Avaliación 2016	41,33%	38,67%	20,00%

Conciliación

O fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar permite una distribución máis igualitaria entre os roles masculino e feminino nas actividades propias da universidade. Entre as iniciativas que promove a USC neste ámbito destacan:

- Programa Verán CampUSC: é unha iniciativa deportiva, cultural, socio-educativa e de lecer dirixida a nenos e nenas que permite conciliar a vida laboral e familiar no período de vacacións escolares. Esta actividade, desenvolvida no 2016 no marco do convenio de colaboración en materia de igualdade co Concello de Santiago de Compostela, dirixese a toda a cidadanía de Santiago e arredores, contemplando condicións especiais para os que sexan fillos e fillas do persoal e estudiantado da USC.



VERÁN CAMPUSC. 2014*

Número de solicitudes de participación nos campamentos:

- NAIS SOLICITANTES: **81**
- PAIS SOLICITANTES: **68**

Número de participantes nos campamentos:

- NENAS PARTICIPANTES: **69**
- NENOS PARTICIPANTES: **80**

VERÁN CAMPUSC. 2015*

Número de solicitudes de participación nos campamentos:

- NAIS SOLICITANTES: **69**
- PAIS SOLICITANTES: **41**

Número de participantes nos campamentos:

- NENAS PARTICIPANTES: **74**
- NENOS PARTICIPANTES: **84**

VERÁN CAMPUSC. 2016*

Número de solicitudes de participación nos campamentos:

- NAIS SOLICITANTES: **86**
- PAIS SOLICITANTES: **48**

Número de participantes nos campamentos:

- NENAS PARTICIPANTES: **95**
- NENOS PARTICIPANTES: **109**

*Subvencionado pola USC e a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

- Escola Infantil Breogán: a escola conta con profesionais con cualificación e a certificación de calidade do seu Sistema de Xestión, Seguridade e Saúde no Traballo conforme á norma OSHAS 18001:2007



Prazas da escola

2014

84

2015

77

2016

75




Prazas do comedor

50

48

50



- Cheque bebé: durante o ano 2016 foron concedidos pola USC vinte axudas por un importe de 29.510,81 no Campus de Lugo.
- A Escola Infantil Breogán convoca cada ano prazas para nenos e nenas menores de tres anos, todas as prazas contan cunha subvención de entre o 70% e o 55%.



PROMOCIÓN, COMPENSACIÓN E BENEFICIOS SOCIAIS

O Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador xestiona a contratación do PAS e o PDI da USC mediante procedementos de concurso público. A USC garante mecanismos rigurosos e transparentes de selección e promoción baseados na capacidade e os méritos. O Servizo de Planificación e Programación de PAS é a unidade de apoio técnico á Xerencia que asume o compromiso

coa estabilidade no emprego. O persoal da institución pode consultar a través do Portal do Empregado o seu historial de nóminas, retribucións e retencións así como a información relativa aos procesos de oposición. As posibles incidencias de carácter administrativo ou económico relacionadas cos distintos colectivos universitarios resólvense no Servizo de Xestión de Persoal.

Retribución de traballadores e traballadoras

A retribución que recibe o persoal da USC depende da categoría profesional e a antigüidade e sempre respecta os principios de igualdade e bo goberno.

	2015	2016
Nivel salarial máis baixo na USC (€/mes)(*)	1623,86	1640,10
Salario mínimo interprofesional (€/mes)(**)(***)	756,70	764,40

(*) Rateado ás 15 pagas ao ano existente na USC para este nivel salarial

(**) Rateado ás 14 pagas ao ano existentes, como mínimo, para o salario mínimo interprofesional

Na web da USC poden consultarse as táboas salariais do PDI e do PAS funcionario e laboral.

RETRIBUCIÓN DO PDI FUNCIONARIO

Vén establecida na lexislación xeral do funcionariado, sendo uniforme en todas as universidades. O PDI funcionario pode recibir retribucións adicionais ligadas aos méritos docentes, de investigación e de xestión.

RETRIBUCIÓN DO PDI CONTRATADO

O Sistema Universitario de Galicia conta cun convenio colectivo común que establece a súa retribución á que poden engadírselle complementos por méritos docentes, de investigación ou xestión.

RETRIBUCIÓN DO PAS FUNCIONARIO

A USC establece o seu réxime retributivo dentro dos límites máximos que determinan a Comunidade Autónoma e o Estado.

RETRIBUCIÓN DO RESTO DO PERSOAL LABORAL

Calcúlase tendo en conta a lexislación laboral vixente e o convenio colectivo aplicable.

Compensación e beneficios sociais

A variedade de beneficios sociais que a USC pon a disposición do seu persoal superan aos establecidos pola lexislación vixente e comprenden as seguintes compensacións:

- ANTICIPOS REINTEGRABLES
- AXUDAS FINANCEIRAS POR INCAPACIDADE OU FORMACIÓN
- SERVIZO DE GARDERÍA
- INTERCAMBIO DE VACACIÓNS
- PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA

Durante o ano 2016 soamente unha persoa tivo que facer uso da Póliza de Vida que tivo un custo de 113.041,91 euros.

63 <<

>> PRAZAS INTERCAMBIO PAS:

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Número de prazas ofertadas pola USC	520	520	520	520	490	492
Número de prazas cubertas na USC	495	500	458	452	458	475
Número de prazas ofertadas ao PAS da USC	560	520	540	502	510	510
Número de prazas ocupadas polo persoal da USC	554	495	522	482	485	483



SEGURIDADE E SAÚDE

A saúde, a seguridade e o benestar do seu persoal son unha das principais prioridades da USC. As actuacións para garantir e mellorar os niveis de seguridade e saúde artéllanse a través do Servizo de prevención de Riscos, o Servizo de Protección Radiolóxica, o Servizo de Vixianza da Saúde e a Unidade de Xestión de Residuos.



O Servizo de Prevención de Riscos divide a súa actividade en seguridade, hixiene e ergonomía e psicosocioloxía.

>> 64

Servizo de vixilancia da saúde

O persoal da USC pode someterse a recoñecementos médicos regulares así como ás actuacións médicas relacionadas coas campañas de vacinación ou de diagnóstico precoz.



No ano 2016 realizáronse 1035 recoñecementos médicos. O 80% foron recoñecementos periódicos ordinarios.

>> DATOS CAMPAÑA DIAGNÓSTICO PRECOZ



2014 11.591 2015 13.279 2016 8.777

>> DATOS CAMPAÑAS DE VACINACIÓN



2014 576 2015 553 2016 520


>> RECOÑECEMENTOS MÉDICOS



2014 1.028 2015 1.082 2016 1.035

>> EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ACCIDENTES LABORAIS

	2014	2015	2016
Accidentes laborais "in itinere"	6	7	10
Accidentes laborais no centro de traballo	9	11	5
En circulación	2	1	1
Enfermidade profesional	0	0	0
Días de baixa por sinistralidade	734	960	1006
Duración media da baixa por sinistralidade	43,17	50,53	55,89



Seguridade no traballo

Como parte do compromiso da USC coa prevención, o Comité de Seguridade e Saúde realiza avaliacións periódicas dos plans de protección e das áreas de hixiene, ergonomía e psicocioloxía.


A prevención de situacións de emerxencia require de plans de autoprotección dos edificios e da organización dos recursos e medios necesarios para evitar danos materiais e humanos e garantir a correcta evacuación dos centros cando así resulte necesario.



No ano 2016 leváronse a cabo un total de 10 actuacións de avaliación inicial de risco.

65 <<

» DATOS AVALIACIÓNS DE RISCO TOTAL E POR ÁREAS.





Durante o ano 2016 realizáronse 52 actuacións relacionadas co mantemento e actualización dos plans de autoprotección.

» DATOS PLANS AUTOPROTECCIÓN.

Número de centros nos que se elaboraron os plans de autoprotección



Número de centros nos que se realizou o mantemento e actualización dos plans de autoprotección



» 66



No ano 2016 os cursos de formación en prevención de riscos ocuparon un total de 129 horas e contaron con 369 asistentes.



XESTIÓN DO COÑECEMENTO

- * 4.1 XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO A TRAVÉS DA DOCENCIA
- * 4.2 XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO A TRAVÉS DA INVESTIGACIÓN E A TRANSFERENCIA
- * 4.3 OUTROS SERVIZOS

G4-LA

»10

G4-PR

»5

G4-SO

»11

G4-EC

»7 »9

G4

»27 »9 »8 »6 »4





4.1 XEŪTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO A TRAVÉS DA DOCENCIA

A universidade proporciona ao seu estudiantado o coñecemento, as competencias e as capacidades necesarias para competir no mercado de traballo sempre dende o coidado dos valores de cidadanía e responsabilidade.

A xestión do coñecemento representa o obxectivo principal da actividade da universidade. As principais liñas de actuación relacionadas co estudiantado e o persoal docente e investigador aparecen recollidas no Plan Estratégico 2011-2020 da USC.



A USC traballa na mellora constante da oferta formativa e da calidade da ensinanza.

» PE AE1LE3

O estudiantado: valor, presente e futuro.

» PE AE2LE1

Oferta de titulacións adaptadas ás necesidades da sociedade.

» PE AE2LE2

Procura da excelencia na docencia.

» PE AE2LE3

Cara á excelencia investigadora.



Perfil do estudantado

O estudantado é o grupo de interese principal das universidades. A USC rexistrou no curso 2015-16 un total de 20.420 estudantes nas súas titulacións oficiais de grao, 2.815 estudantes en etapa de tese de doutoramento e 407 estudantes nas titulacións de 1º e 2º ciclo –titulacións en proceso de extinción na adaptación ao EEES-. Nas titulacións oficiais de grao o 90% do alumnado procede da comunidade autónoma galega, nos estudos de terceiro ciclo e mestrado a USC atrae unha maior porcentaxe de talento estranxeiro.



